Xogos

[Xogo] O grilo amarelo

Para este xogo cumpría un goxo grande co que se puidesen cubrir catro ou cinco nenos. Os participantes espíanse da cintura para arriba quedando en porreta.

O que dirixía o xogo dicía:

¡Grilo marelo vénte ó peselo!

Os xogadores metíanse debaixo do goxo e así non podían ver nada.

Nese momento collíase un caldeiro de auga fría e botábaselle ós que estaban cubertos polo goxo.

No duro inverno abrasábase un.

[Remitido por José María Carricoba Armesto, de Lugo. Xogo recollido na parroquia de Donís, concello de Cervantes (Lugo) a principios da década de 1990]